



ASISTENTES:

Aboal Somoza, Teresita
Abreu López, Lorena
Alba Castro, José Luis
Albo López, Elena
Alonso De Abel, Diego
Alonso Rodríguez, Valentina
Álvarez Moreira, José Ángel
Álvarez Rodríguez, Pablo
Álvarez Rodríguez, Rosana
Anaya Revuelta, Inmaculada
Andrés Iglesias, Jesús
Anido Rifón, Luis Eulogio
Araujo Otero, Uxía
Area Carracedo, Iván Carlos
Arias Moreira, Xosé Carlos
Arias Sánchez, Pedro
Bardón González, María Jesús
Barreiro Blas, Antonio
Basalo Domínguez, David
Bergantiños Cid, Gustavo
Bergareche Gros, Almudena
Bernal Gómez, Rosa
Blanco Pesqueira, Antonia
Botana Ferreiro, Francisco Ramón
Bravo Bernárdez, Jorge
Bringas López, Ana
Bueno Alonso, Jorge Luis
Bustillo Bolado, Roberto Orlando
Cabaleiro Rodríguez, Lara
Cabeza Pereiro, Jaime
Cabeza Pereiro, M^a Del Carmen
Campos Casal, Jacobo
Carballo Piñeiro, Laura
Carballo-Calero Ramos, M. Victoria
Caride Álvarez, Celso
Castro Oliva, Manuel
Cid Fernández, M^a Magdalena
Cid Fernández, Xosé Manuel
Corbacho Rosas, Eusebio
Cordero Rivera, Adolfo
Correa Otero, José María
Costas Currás, José Daniel
Cruces Colado, Susana
De La Torre Fraga, Daniel
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Sobrino, Ramón Ángel
Fernández Souto, Ana Belén
Ferradás Carballo, Cristina
Fraiz Brea, José Antonio
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Cutrín, Francisco Javier
García Estévez, José Manuel
García Gil, Soledad
García Mateo, Carmen
Garrido Suárez, Carlos
Garriga Domínguez, Ana
Gesteira Iglesias, Nuria
Giménez De Cal, Álvaro Javier
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Rodríguez, Alma María
González Cespón, José Luis
González Crespán, M^a Araceli
González Estévez, Emilio José Antonio
González López, Rodrigo
González Pillado, Esther
González Piñeiro, Luis
González Piñeiro, Manuel
González Vázquez, Encarnación
Graña Rodríguez, Ana María

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 12 de decembro de dous mil seis, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O martes, **día 12 de decembro de 2006**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 2 de decembro de 2005 e da sesión extraordinaria constituínte do 12 de xullo de 2006.
2. Informe do Reitor.
3. Proposta de creación, composición e sistema de elección dunha comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU. Ratificación das comisións para a elaboración dos Regulamentos.
4. Elección de dous postos vacantes no sector Decanos/Directores de centros, departamentos e institutos universitarios de investigación no Consello de Goberno.
5. Elección do presidente do Tribunal de Garantías e dos seguintes postos vacantes no mesmo:
Sector profesores funcionarios doutores: 1.
Sector outro persoal docente e investigador: 1.
Sector estudantes: 1.
6. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 2 de decembro de 2005 e da sesión extraordinaria constituínte do 12 de xullo de 2006.

Apróbanse por asentimento.

Punto 2.- Informe do Reitor.

Toma a palabra o Reitor para sinalar primeiramente que a condición electoral deste ano 2006 que está a piques de rematar fixo que a Universidade de Vigo abra un pequeno paréntese en termos de execución de proxectos. Por suposto, a maquinaria burocrática seguiu o seu normal discorrer, pero alteráronse os ritmos administrativos e paráronse as novas iniciativas, en primeiro

Hermida González, Alexandre
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Briones, María Jesús
Lago Fernández, Sara
Lago Ferreiro, Alfonso
Legido Soto, José Luis
Lence Madarro, Fernando
Liste Fernández, Araceli Mercedes
Loeck Hernández, Juan
López Vidal, María Del Pilar
Lorenzo García, Lourdes
Loureiro López, David
Macías Cambra, Enrique Antonio
Martín Lucas, Belén
Martínez Piñeiro, Ana Belén
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Membriela Iglesias, Pedro
Méndez Franco, Óscar
Míguez Rodríguez, Antonio
Míguez Tabarés, José Luis
Mojón Ojea, Artemio
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Muñoz, María
Morán Martínez, M^a Paloma
Mosquera Nartallo, Carlos
Moure Rodríguez, María José
Navaza Dafonte, Francisco
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Otero Camiña, José Luciano
Palacio Sánchez, Xosé Antonio
Pardo Froján, Juan Enrique
Pastrana Castro, Lorenzo Miguel
Pazó Martínez, M^a Consuelo
Peleteiro Salgado, José
Pena Rodríguez, Alberto
Pérez Cota, Manuel
Pérez Iglesias, M^a Teresa
Pombal Diego, Manuel Ángel
Porteiro Fresco, Jacobo
Prada Blanco, Albino
Prado Prado, José Carlos
Prieto Tobío, Joaquín
Quintela Vilaríño, Francisco José
Rama Martínez, M^a Esperanza
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
Rodríguez Domínguez, Víctor R.
Rodríguez Sampayo, Arturo
Romo Pérez, M^a Carmen
Sáez Ocejo, José Luis
Sánchez Bello, Patricio Alfredo
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Sánchez Otero, Nuria
Santoalla Rodríguez, Álvaro Hugo
Soto Gutiérrez, Alfonso
Suárez Pazos, Mercedes
Sueiro Justel, Joaquín
Sueiro López, Daniel
Terán Moldes, M^a Del Carmen
Tojo Suárez, M^a De La Concepción
Tugores Martorell, Francisco
Vales Alonso, Marta
Vallejo Posada, Rafael
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Vázquez Vázquez, Manuel
Velo Fernández, Óscar
Vera Isasi, María
Vila Alonso, M^a De Las Mercedes
Vila Pumares, Cristina
Vivas Martínez, Carlos

lugar por razóns de prudencia e respecto diante da contenda electoral.

Renovada a armazón institucional da Universidade durante o mes de xullo (novo Claustro, novo Consello de Goberno e novas Comisións Delegadas), o novo Equipo Directivo comezou no mes de setembro a súa andaina, coa mirada posta nos novos proxectos comprometidos na campaña electoral e nos orzamentos para 2007 que lle teñen que dar o respaldo financeiro necesario.

Como consecuencia, este ano o Informe do Reitor diante do Claustro ten un carácter de rendición de contas de execución máis reducido do normal e, sen embargo, un relatorio máis amplo de novas propostas e políticas.

1. Comeza polas iniciativas e Programas executados ou en marcha.

a). Actuacións de Planificación:

Durante o presente exercicio finalizáronse e ocupáronse:

- Este novo edificio da Reitoría, no Campus de Vigo.
- A 1^a fase do novo edificio de Ciencias da Educación e do Deporte, no Campus de Pontevedra.
- As pistas polideportivas ao aire libre, así como os proxectos de climatización e deshumidificación nos edificios Xurídico-Social e Pavillón 2, no Campus de Ourense.
- E a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla. Neste momento está en fase de concurso a asignación de espazos a grupos de investigación. A ocupación completa está prevista para xaneiro de 2007.

Ademais, están en execución as seguintes actuacións:

- A nova Sala de Actos e novos Espazos Docentes no Edificio de Ferro do Campus de Ourense.
- A ampliación e 2^a fase de climatización do Edificio Politécnico, no Campus de Ourense.
- A 2^a fase do edificio de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra.
- O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación do Campus de Ourense. A finalización de obras prevista para xullo de 2007. E a asignación e ocupación de espazos para xaneiro de 2008.
- A Piscina no Campus de Ourense. Está prevista a súa finalización en xaneiro de 2008.

DESCULPAN ASISTENCIA:

De Oca Cancela, Guillermo
Diz Gómez, José Carlos
García Soidán, José Luis
García Soidán, María Del Pilar
Gil Villanueva, José M^a
Lorenzo Cimadevila, Enrique
Rodríguez Piñeiro, Ana María

Por último, están en fase de tramitación :

- Os novos módulos de investigación “Ampliación do CACTI”, “Tecnolóxico Industrial” e “Biosanitario”, no Campus de Vigo. Atópanse actualmente en fase de concurso.

- Licenza solicitada para dar inicio á 1ª fase do proxecto de Vías Elevadas no Campus de Vigo.

- A Biblioteca de Ciencias, no Campus de Vigo. En fase de revisión técnica do proxecto executivo.

b). Polo que respecta a Grao e Posgrao, están en marcha as seguintes iniciativas :

- 8 másters aprobados en 2005, 4 propios e 4 inter-universitarios.

- Aprobados nos órganos internos 10 novos títulos de máster en 2006, 4 propios e 6 inter-universitarios, para ser impartidos a partir de setembro de 2007.

- 6 titulacións incorporadas desde o primeiro curso en programa piloto de adaptación ao EEES. O actual será o segundo curso de implantación.

c). No ámbito do profesorado merece ser salientado o Programa Propio de Promoción para Contratados Doutores. O Consello de Goberno ven de aprobar a convocatoria de 10 novas prazas de promoción para contratados doutores, coa finalidade de incentivar a incorporación nos cadros de persoal PDI da Universidade de Vigo dos mellores candidatos sen promoción garantida en Estatutos. O programa vai dirixido a doutores acreditados que traballan na Universidade de Vigo en prazas Ramón y Cajal, Parga Pondal ou equivalentes, así como Asociados e Contratados de Investigación que certifiquen un tempo mínimo de permanencia.

d). Programas de Intercambio Nacional e Internacional. A Universidade de Vigo leva asignando preferencia estratéxica e orzamentaria a estes programas desde hai anos. A consecuencia para 2006 son as previsións de máis de 500 alumnos e de 50 profesores que participarán nos diversos programas de mobilidade Erasmus e da AECE, así como nos proxectos de cooperación inter-universitaria en América Latina.

Para 2007, estes programas teñen previsto un crecemento espectacular en orzamentos por riba dos 400.000 euros e do 109%, multiplicando a participación da Universidade de Vigo nas mencionadas liñas de intercambio, pero tamén en varias accións “Jean Monnet” e no programa “Tempus”.

Ás 10:25 interrómpeuse a sesión do Claustro debido á irrupción no paraninfo da Universidade dun grupo de persoas pertencentes ó persoal laboral da Universidade para protestar pola falta de convenio colectivo do mesmo. A sesión reanúdase ás 11:45 h.

O Reitor, despois de pedir desculpas ós membros do Claustro pola interrupción, continúa co punto de informes:

e). Por último, en canto a iniciativas e resultados de investigación. 2006 está sendo un exercicio moderadamente satisfactorio. Algúns datos permiten contrastar esta afirmación:

- A existencia dun programa de axudas a grupos e actividades de investigación por riba dos 3 millóns de euros ao ano.

- O mantemento dun nivel de captación de recursos externos por actividades e proxectos de investigación por riba dos 25 millóns de euros.

- A sinatura de entre 450 e 500 contratos e informes con empresas e institucións ao ano.
- O CACTI incrementou o seu volume de prestación de servizos nun 30%, tanto a nivel interno, como externo.
- Temos 12 proxectos europeos coordinados por investigadores da Universidade de Vigo, cuns ingresos totais de 2,3 millóns de euros.
- A todo isto hai que engadir un último dato de interese. Nas dúas convocatorias recentes para grupos de investigación de referencia sacadas pola Consellería de Educación a nivel autonómico, os nosos grupos están conseguindo entre o 26 e o 30% das axudas concedidas.

Todos estes datos apuntan a resultados de investigación aceptables, pero non para tirar foguetes. Hai demasiados grupos excluídos, grupos que non se senten partícipes destes procesos de dura competencia, grupos pequenos, que dubidan da súa capacidade. E ao mesmo tempo hai grupos potentes que teñen a impresión de que poderían correr máis se lles désemos un pequeno empuxón. Dalgunha destas cousas dirase algo de seguido.

2. Fala tamén das novas iniciativas programadas para o exercicio 2007, centrando a súa atención de xeito exclusivo nas Políticas de Grao e Posgrao e Investigación, así como da elaboración dun Plan Estratéxico da Universidade de Vigo e dun Programa de Desgravacións Docentes de apoio a actividades docentes, de investigación e de xestión.

A). Política de Grao e Posgrao.

A política de Grao e Posgrao que debe aplicar a Universidade de Vigo depende en gran medida da reforma da LOU, actualmente en debate parlamentario, e da reforma das titulacións, proposta no Documento de Traballo titulado “La Organización de las Enseñanzas Universitarias en España” e presentado a debate polo Ministerio de Educación e Ciencia o pasado mes de novembro. Todos estes documentos están colgados na páxina web da Universidade de Vigo.

a). Aspectos que poden darse por definitivos na nova estrutura organizativa dos títulos.

1. As ensinanzas universitarias en España estarán organizadas en tres ciclos: Grao, Máster e Doutoramento.

2. Haberá un único título de Grao Universitario, que constará de 240 créditos e dará acceso aos estudos de Máster e Doutoramento. 60 destes créditos poderán ser comúns por ámbitos ou por grupos de títulos, sen que iso obrigue a definir un curso idéntico ou un conxunto pechado de materias comúns a todos os títulos dun ámbito de coñecemento. Haberá disposicións regulamentarias para precisar isto.

3. Os títulos de Máster terán unha duración comprendida entre 60 e 120 créditos e incluírán a elaboración e defensa pública dun proxecto ou traballo fin de Máster.

4. Os estudos de Doutoramento poderán ser ofrecidos por Centros e Departamentos Universitarios. O seu acceso normal producirase desde os Másters, pero haberá tamén a posibilidade de definir un itinerario propio de Doutoramento como ata agora cando o perfil dos estudos, a calidade dos grupos e a demanda dos estudantes así o aconsellen. Unha norma de desenvolvemento legislativo precisará este asunto.

5. Non haberá un Catálogo previo e pechado de Titulacións a nivel nacional, senón un Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Cada Universidade poderá propoñer os títulos que considere oportunos, que deberán ser autorizados polas CC.AA. e acreditados polo Rexistro. Estes importantísimos temas serán desenvolto nunha disposición lexislativa posterior.

6. Non haberá Directrices Propias para cada título, agás as que correspondan a competencias profesionais recoñecidas por Lei. Si haberá Directrices Xerais referidas a contidos xerais (obrigatoriedade de prácticas externas no Grao, de proxecto no caso dos Másters, condicións de accesibilidade aos diferentes títulos, condicións de transición para os actuais titulados, etc.).

7. A reforma das titulacións actuais e a súa adaptación aos novos títulos farase nun calendario que dará inicio en 2007 e concluirá en 2012. Os planos de estudo dos novos Títulos de Grao deberán ser aprobados e rexistrados ao longo do curso 2007-2008, comezando a súa aplicación efectiva en setembro de 2008.

b). Estratexia da Universidade de Vigo e transición ao novo escenario

Hai algunhas cuestións moi salientables que están sen desenvolver e xeran bastante incerteza. Como será a acreditación no Rexistro de Títulos, cal será o papel das CC.AA., como serán as Directrices Específicas para os títulos con competencias profesionais, que institucións poderán impartir másters e cales non, como será a transición do sistema actual de titulacións ao novo sistema. Sen esquecernos desa pregunta que todo o mundo esquivava: como se financiará todo isto.

Neste escenario, non estando pechadas aínda todas estas cuestións, sinala que a estratexia de Grao e Posgrao que debe seguir á Universidade no inmediato futuro defínese polos seguintes principios :

1. As únicas apostas incuestionables a día de hoxe son os programas de adaptación ao EEES e os másters profesionalizantes.

2. A adaptación ao EEES proporciona unha oportunidade para actualizar as metodoloxías docentes nun escenario propicio de redución do número de estudantes.

3. Os másters profesionalizantes permiten facer realidade a reiterada necesidade de adaptación ás demandas formativas da sociedade. Efectivamente, o Posgrao da a oportunidade de conectar cos sectores que demandan esa formación especializada, de incorporalos na definición dos contidos dos novos másters, na impartición dos módulos de docencia de perfil máis aplicado e de implicalos na oferta de prácticas pre-profesionais.

4. En canto ao Doutoramento, o Ministerio de Educación asumiu o compromiso de prorrogar o doutoramento tradicional para o bienio 2007-2009. A idea é seguir esa vía transitoria e, mentres tanto, poderase saber como queda finalmente regulamentado o Doutoramento no marco da reforma dos títulos universitarios e, á vista diso, readaptar a estratexia da universidade.

5. En todo caso, a incerteza actual aconsella non pechar porta algunha e, polo tanto, non porá impedimento a calquera doutoramento que queira promover a súa conversión a máster sen agardar a coñecer o escenario final das novas titulacións.

6. Este escenario final apunta a solucións de posgrao con ofertas múltiples, combinando cursos de especialización, másters profesionalizantes, másters mixtos e doutoramento a partir dun mesmo proxecto formativo. Apoiaremos tamén este tipo de estratexias, sobre todo se reforzan os campos nos que a Universidade de Vigo ten evidentes vantaxes comparativas e competitivas dentro do SUG.

B). A Política de I+D da Universidade de Vigo.

Fala agora da Política de I+D, destacando a intención de presentar ao longo de 2007 un documento global de Política de I+D+i, coa finalidade de precisar as liñas preferentes e as apostas da Universidade de Vigo en todos os campos relevantes, desde a captación de persoal, á definición de incentivos, pasando polo papel das novas estruturas de investigación, os mecanismos de apoio a grupos mediante desgravacións docentes e a adquisición de infraestruturas.

A día de hoxe non todas estas liñas están perfectamente definidas, pero si avánzanse algunhas ideas coas que se está a traballar en tres deses asuntos relevantes:

1. Estructuras de Investigación. Di de entrada que calquera oportunidade externa, con solidez, garantías e respaldo institucional, que sexa proposta á Universidade de Vigo e teña interese dos seus grupos será asumida con independencia da súa fórmula xurídica.

Sen embargo, a nivel interno e iniciativa propia, a estratexia da Universidade de Vigo apóiase nunha rede de investigación centrada nas seguintes estruturas: Grupos – Centros de Excelencia – Parques Científico-Tecnolóxicos.

A consolidación e mellora dos grupos vai depender da súa calidade, versatilidade e integración nas redes nacionais e internacionais de investigación. Neste sentido, a especialización exclusiva dos grupos nun tipo de resultado e a súa vocación interna penalizarán o seu futuro e o do sistema investigador da Universidade. Por iso, a aposta estratéxica é centrarse na formación de grupos amplos e diversos, capaces de trabar relacións externas e de defender proxectos, contratos, divulgación e iniciativas docentes.

En canto aos Módulos de Investigación, a aposta debe referirse aos ámbitos onde a Universidade posibilidades de concorrencia, como foi o caso do CACTI, do MTI, do CITI ou da ECIMAT. Esta especialización deriva das nosas vantaxes competitivas, garante o financiamento externo e fuxe da asignación universal e incondicionada dos novos espazos de investigación. Cremos que esta é unha liña interesante a manter sempre que haxa detrás potencia competitiva. De non ser así, entende que a Universidade de Vigo non debe asumir ningún novo compromiso no terreo das estruturas complexas de investigación.

Por último, a aposta estratéxica de maior nivel pasa pola incorporación, de xeito cooperativo, como no caso do Centro de Nanotecnoloxías de Braga, ou da Cidade do Mar de Vigo, e de xeito exclusivo, como ocorre no Centro das Telecomunicacións de Galicia, a incorporación, digo, dos grupos de referencia da Universidade de Vigo á rede de novos Centros de Investigación de Excelencia que pretenden estender a Unión Europea, España e a CAG. O obxectivo neste sentido debe ser estar presentes en todas as iniciativas deste tipo nas que os nosos investigadores teñan algo que dicir, sen importarnos o deseño institucional que as ampare.

2. No campo das Infraestruturas e Investigación sinala que a estratexia adoptada no seu día en canto á adquisición de grandes infraestruturas de investigación foi un acerto no que se debe insistir. A aposta neste caso é triplo:

- Infraestruturas centralizadas, de acceso universal.
- Infraestruturas complexas, de gran nivel, moi especializadas e con exclusividade rexional e incluso nacional.
- Infraestruturas con efectos expansivos internos e repercusións no entorno industrial.

3. En canto aos Programas de Apoio, considera que esta é outra das liñas estratéxicas de I+D nas que se ten progresado na boa dirección nos últimos anos. Os esforzos a realizar neste caso deben ser de intensificación, flexibilización e clarificación, da seguinte maneira:

- O programa de grupos de referencia debe recuperar o seu carácter selectivo e competitivo. Isto significa que non pode medrar de xeito ilimitado e debe obrigarse a competir sen prórrogas automáticas ao final de cada contrato-programa.

- O apoio aos grupos debe ser flexible, de xeito que coincida ou se aproxime ás súas necesidades. Asignado un contrato-programa, debe permitir en determinadas condicións a súa conversión en desgravacións docentes, novas prazas de investigación, apoio administrativo ou asignación de espazos adicionais a elección do grupo elixido.

- Débese asumir como obxectivo que todos os ámbitos de coñecemento participen nos programas internos e externos para a designación por concorrencia de grupos de referencia e consolidados. Non se pode permitir que haxa un grupo competitivo alleo a este tipo de convocatorias, moito máis cando está confirmada a súa reiteración como estratexia para os vindeiros anos.

- Simultaneamente, debemos reforzar o programa de apoio aos grupos emerxentes. Ningún doutor debe sentirse illado, aínda que convén marcar desde o principio sinais claras de calidade e condicións de concorrencia e tamaño mínimo.

C). Programa de Desgravacións Docentes.

Formando parte das diferentes políticas, quérese definir un Plan de Desgravacións por Actividades que identifique o apoio académico ás liñas estratéxicas que consideramos de maior relevancia. Trátase de apoiar con desgravacións de carga en POD a realización dalgunhas actividades docentes, de investigación e de xestión que deben ser potenciadas.

A definición deste programa parte de catro criterios básicos:

- Non utiliza desgravacións universais, senón por actividades realizadas.
- Non inclúe desgravacións consolidables no POD.
- Na maioría dos casos non se refire a cargos persoais, senón a equipos directivos.
- Outorga aos Centros bolsas de desgravacións por actividades executadas que poden ser asignadas con flexibilidade polos equipos directivos.

A partir destes principios, o programa define tres liñas de apoio mediante desgravacións:

1. Desgravacións asignadas por actividades docentes
 - . Apoio aos Programas Oficiais de Posgrao.
 - . Apoio aos Programas de adaptación ao EEES.
 - . Apoio ás actividades de intercambio de estudantes.
 - . Apoio aos Programas de Prácticas Externas.
2. Desgravacións asignadas por actividades de I+D.
 - . Apoio aos grupos de referencia da Universidade de Vigo.
 - . Apoio aos Investigadores responsables de Proxectos Europeos e Consolidar.
 - . Apoio aos TEUs con proxecto doutoral en progreso.
3. Desgravacións asignadas por actividades de xestión:
 - . Apoio ás actividades directivas do Equipo de Goberno.
 - . Apoio aos Equipos Directivos dos Centros.

No seu conxunto, trátase dun programa de apoio de 400 créditos de desgravación, que se quere levar concretado nos seus detalles a Consello de Goberno, coa intención de que poida ser debatido e incorporado no POD do curso 2007-2008 que se comezará a elaborar nos vindeiros meses.

D) Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.

As políticas e iniciativas mencionadas dan resposta a prioridades a curto e medio prazo da Universidade de Vigo. Pero a Universidade necesita definir un escenario máis aberto e ambicioso, onde caiba todo isto e moito máis, un Plan Estratéxico que nos obrigue a pensar o que somos e o que queremos ser a longo prazo, que defina apostas e marque obxectivos.

Este é o principal cometido do Comisionado para Plans Estratéxicos, cargo creado polo Consello de Goberno en setembro pasado. Quérese presentar en Consello de Goberno e Consello Social una proposta de Liñas Xerais para a elaboración en 2007 dun “Plan Estratéxico da Universidade de Vigo”, con vixencia para todo o mandato, pero coa aspiración de definir apostas estratéxicas da Universidade de Vigo máis alá deste límite temporal. Preténdese que sexa elaborado de xeito participativo e aberto, coa máxima implicación posible de todos os órganos persoais e colectivos da Universidade, pero tamén con participación externa, tanto do Consello Social, como doutras entidades sociais que poden ter opinión fundamentada ao respecto.

O Reitor abre unha quenda de intervencións en relación ó punto de informes:

O profesor Legido inicia a súa intervención preguntando ó Reitor se este punto se refire a un informe anual do Reitor, porque, de ser así, debería especificarse claramente no punto da orde de día e tería que ser máis exhaustivo sobre todas nas cuestións do ano para saber qué opina o Claustro.

Seguidamente, e entrando xa no contido do informe reitoral, expón o descontento da xente sobre o tema de infraestruturas, poñendo como exemplo a incomodidade do Paraninfo da Reitoría onde se celebran os Claustros e os problemas de aparcadoiro nos campus de Ourense e Pontevedra. Considera que a xente está descontenta coas infraestruturas e sería conveniente un debate xeral sobre este tema. Fai tamén referencia ó problema de baixada de alumnos e á falta de

coincidencia dos datos de investigación que manexa o Reitor no que respecta ós grupos da Universidade.

O Reitor contesta sobre a complicación que supón levar adiante obras no sector público tendo ademais á xente traballando no seu posto ó mesmo tempo, de tódolos xeitos, o resultado final parécelle satisfactorio.

Intervén novamente o profesor Legido para por de manifesto a incomodidade para poder debater do Paraninfo da Reitoría e insta ó Reitor a buscar un sitio máis cómodo para celebrar os claustros.

O Reitor resposta que non ten ningún empeño en que sexan os claustros no paraninfo e para facerse unha idea do nivel de descontento pregunta, de forma informal, ós presentes cantos deles queren cambiar de local. Poucos levantan a man.

Pide a palabra seguidamente o profesor Berrocal que en primeiro lugar fai referencia a un problema de forma en canto á necesidade de convocar un Claustro extraordinario para o debate sobre o informe anual do Reitor. De seguido chama ó Reitor triunfalista, en canto dá a impresión de que na universidade todo vai ben cando, polo contrario, hai un descontento xeneralizado; e autista, posto que debería coñecer máis como vai a universidade, tanto nun análise de pasado como de futuro. E expón a falta de debate en cuestións fundamentais para a comunidade universitaria: o presuposto, a política de I+D, as infraestruturas, o grao e o posgrao.

O Reitor contesta que non ten problema algún en debater todas as cuestións relevantes para a Universidade, pero o que non quere é debater sobre asuntos que aínda non ten perfectamente ultimados. Neste sentido, non ten aínda documento pechado en materia de I+D, nin sobre desgravacións. Cando estean preparados, os levará a Consello de Goberno. No que respecta ó presuposto, tense respectado o calendario que se segue todos os anos: Comisión Económica e despois Consello de Goberno, sempre a principios de xaneiro. En materia de grao e posgrao, polo momento e tendo en conta a pouca información que se ten do Ministerio de Educación, se está traballando sobre unhas liñas que permiten certa operatividade. Nos próximos meses, se contará con máis información do Ministerio e do Consejo de Coordinación Universitaria. Polo tanto, quedan pendentes debates en materia de grao e posgrao e I+D.

Intervén a profesora Anaya para preguntar ó Reitor sobre as iniciativas e contactos Universidade-empresa e en concreto sobre as iniciativas no ámbito das humanidades. O Reitor contesta que calquera iniciativa externa de interese para os grupos da universidade será apoiada pola Reitoría.

Intervén o Sr. Basalo para sinalar que no seu informe o Reitor non falou nada do persoal e solicitando que no próximo faga referencia ó mesmo. Insta tamén ó Reitor para que se chegue a un acordo co PAS laboral o antes posible e pregunta polas políticas de conciliación e máis concretamente polas garderías.

O Reitor contesta que non lle gustaría máis que ter a noticia da solución do convenio laboral pero que dende a Reitoría debe seguirse a política de respecto e deixar que as partes cheguen a un acordo. No que respecta ás garderías estase seguindo unha dobre liña: dunha banda as galiescolas e doutra asumir directamente a gardería pola universidade.

Intervén o Sr. Macías para preguntar sobre a iniciativa no casco vello de Vigo para implantar unha residencia de estudantes e unha biblioteca. O Reitor contesta que xa houbo unha reunión co Concello de Vigo e co Consorcio Casco Vello pero que aínda foi so unha primeira conversa sobre o tema, por iso non comentou nada no informe. En principio, trataríase dunha iniciativa implicando vivenda, sala de lectura e un punto informativo para facer a universidade presente na cidade, pero aínda non se saben as condicións.

Intervén o profesor Pérez Cota para manifestar varias cuestións: a necesidade de que a información sobre terceiro ciclo se comunique ós departamento e ós coordinadores dos programas; a conveniencia de que as propostas de POPs non sexan competencia para os segundos ciclos; a necesidade de que os profesores non interveñan a custe cero nos POPs e por último que nas enquisas docentes as persoas que as realizan teñan os datos dos profesores que imparten docencia en cada curso.

O Reitor contesta en relación á primeira cuestión que toma nota da necesidade de dar información ós coordinadores e ós departamentos sobre os programas de terceiro ciclo; sobre a necesidade de que os POPs non sexan competencia dos segundos ciclos sinala que ó falar de másters de especialización profesional xa non haberá dita competencia; finalmente sobre a imposibilidade de incorporar os POPs ó POD fai referencia a que conviven cos actuais primeiro e segundo ciclo e que a maneira de incentivar a participación nos mesmos será apoio económico ós promotores e ós centros.

Punto 3.- Proposta de creación, composición e sistema de elección dunha comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU. Ratificación das comisións para a elaboración dos Regulamentos.

De acordo coa documentación que se achega coa convocatoria deste Claustro, trátase da proposta de creación, composición e sistema de elección de, por unha banda as comisións para a elaboración dos regulamentos, xa creadas en reunión de Claustro de 6 de xuño do 2003, polo que simplemente teñen que ser ratificadas (**anexo 1**) e, doutra banda, a creación, composición e sistema de elección dunha comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU, que ten a mesma composición que as anteriores xa creadas.

Trátase de que estas comisións empecen a traballar antes de que se aprobe a LOU, polo tanto, neste Claustro créanse as comisións e despois no seguinte, que será en febreiro, procederase á elección dos seus membros.

Apróbase por asentimento.

Punto 4.- Elección de dous postos vacantes no sector Decanos/Directores de centros, departamentos e institutos universitarios de investigación no Consello de Goberno.

Deixan o seu posto no Consello de Goberno por perda da súa condición de Decanos:

- Susana Reboreda (Decana da Facultade de Historia).
- Xaime Fandiño (Decano da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación).

Tense presentado dous candidatos para dous postos vacantes, polo tanto non é necesaria a votación.

Os novos membros do Consello de Goberno polo sector Decanos, Directores de Centro, Departamento e Institutos Universitarios de Investigación, son:

- Alberto Pena Rodríguez, Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- Fermín Pérez Losada, Director do Departamento de Historia, Arte e Xeografía.

Punto 5.- Elección do presidente do Tribunal de Garantías e dos seguintes postos vacantes no mesmo:

Sector profesores funcionarios doutores: 1.

Sector outro persoal docente e investigador: 1.

Sector estudantes: 1.

Presidente do Tribunal de Garantías: non hai candidato presentado. Quedará en funcións o actual Presidente: Luis Espada.

No Sector Profesorado Funcionario Doutor, hai un candidato presentado para unha praza vacante: Jaime Cabeza Pereiro, da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

No Sector outro persoal docente e investigador: non hai candidato presentado. Queda vacante a praza.

No Sector Estudantes, hai un candidato presentado para unha praza vacante Víctor Ramón Rodríguez Domínguez da Escola Superior de Enxeñaría Informática.

É necesaria a votación nos sectores de Profesorado Funcionario Doutor e Estudantes, debido a que a normativa esixe que os candidatos teñan o apoio dunha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente.

Hai tres urnas: dúas para o profesorado funcionario doutor que votarán repartidos por orden alfabético: A- J, na primeira urna e L-Z na segunda; e unha urna para o alumnado.

O profesor Legido intervén para solicitar que nas papeletas nestes casos, cando so hai un candidato, non se teña que marcar cunha cruz o nome do mesmo para evitar despistes. A Secretaria Xeral contesta dicindo que do que se trata é de levar so unha papeleta e permitir o voto en branco cando non se sinala cunha cruz o candidato. De tódolos xeitos estudarase o tema para as próximas votacións.

Déixanse 30 minutos para efectuar as votacións. Ás trece horas reanúdase a sesión.

Os resultados son:

No Sector Profesorado funcionario doutor:

- votos emitidos: 65
- votos en branco: 11
- votos nulos: 0
- votos a favor: 54

No Sector Estudantes:

- votos emitidos: 22
- votos en branco: 18
- votos nulos: 0
- votos a favor: 4

Pasa a formar parte do Tribunal de Garantías o profesor D. Jaime Cabeza Pereiro e queda vacante unha praza no sector estudantes.

Punto 6.- Rogos e preguntas.

D. Víctor Ramón Rodríguez pon de manifesto a falta de axudas para a realización dunha segunda carreira universitaria. O Reitor toma nota da cuestión.

O profesor Legido fai o rogo de que na web da universidade se colguen os documentos adxuntos nas actas do Claustro. A Secretaria Xeral contesta que así se fará.

O profesor Sánchez Bello roga que se adopten as medidas oportunas para garantir a uniformidade en apelidos e acentos nas actas de cualificación dos alumnos. Tómase nota do tema.

Intervén D. Álvaro Giménez de Cal para expoñer que as datas dos últimos Claustros non facilitan a asistencia dos alumnos. Roga que se estableza un servizo de SMS para comunicar as convocatorias do Claustro. Solicita tamén o establecemento dun foro virtual para poder debater temas polos claustrais, por último pregunta cándo a biblioteca de Peritos terá horario continuado estable e pide que se arranxen os enchufes para poder utilizar os ordenadores. Tómase nota de todo o solicitado.

Pide a palabra Dona Lorena Abreu para sinalar a gran importancia que teñen as enquisas de avaliación do profesorado e solicita que as mesmas teñan unha finalidade real e que haxa un control efectivo para que os alumnos saiban que o que fan é importante. O Reitor contesta que as enquisas teñen repercusións na concesión de quinquenios e polo tanto no salario do profesorado, sendo a única universidade que o fai.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:10 horas do día 12 de decembro de 2006, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e pr. do Reitor.

O Reitor

A Secretaria Xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther Mª González Pillado